

VAMIR

Díario de Pontevedra

REVISTA SEMANAL DE DIARIO DE PONTEVEDRA | O MORRAZO, VIERNES, 18 DE FEBRERO DE 2005

Reportaxe sobre o libro 'O bote polbeiro de Bueu', escrito polo enxeñeiro naval Fidel Simes Martínez

BUEU ■ Páxina 16

# O MORRAZO



## Bueu quemó su 'Paxaro de Mal Agoiro'

■ El municipio celebró con gran afluencia de vecinos y visitantes la última jornada de las fiestas del carnaval | PÁGINAS 6 Y 7

**El Puerto de Marín** consolidó sus tráficos en 2004

■ El Puerto de Marín ha logrado consolidar el pasado año sus tráficos estratégicos, a pesar de registrar un leve descenso en las cifras globales del ejercicio. Este año se ha situado en 1.709.525 toneladas. | PÁGINAS 2 Y 3


yademás



9 Deportes  
El Moaña busca su lugar en Primera División Regional

10-11 Deportes  
El Vila de Cangas se consolida entre los mejores clubes gallegos

GRAN ENCICLOPEDIA  
**GALEGA**  
SILVÉRIO CÁÑADA




DiariodePontevedra

**Relato de A.**  
Cidrás sobre unha visita á illa de Sálvora

■ É case media mañá e a brétema ainda pelexa por gañarlle o mar a un sol que a finais de xullo se siente forte. Os catro amigos mètense a través do neboeiro no barco da ilusión, baixo a tutela e guía dos instrumentos... | PÁGINAS 4 E 5

**Cangas dijo**  
adiós al carnaval con el entierro del 'Momo'

■ Como cada año, los cangueses dan la despedida al carnaval con un gran desfile de comparsas en el centro de la villa y la celebración del entierro del peculiar 'Momo'. Cientos de personas disfrutaron de los actos. | PÁGINA 8



# Sálvora


## Unha visita á illa da serea

A. CDRAS | Bueu

scatro amigos méntense a través do neboeiro no barco da ilusión, baixo a tutela e guía dos instrumentos que os achegan á illa da serea. Expresión de admiración e exclamacións de gahama a unha naturaleza que agranda o corazón coa luminosidade dun recuncho de praia e pedra protexido polo cemento do peirao que da servizo ó faro da illa. Tralo primeiro intre de impacto a análise da situación achéganos ó pasado deostando presuntuosos aproveitamentos da salgadeira, hoxe en día coroada pola pedra e ata sacrallizada con forma de ermida que tenta reflectir avoengo e pedigree.

Baixamos a terra onde nos planta cara un rótulo que deixa constancia da propiedade do lugar o que case nos anima a transgredi-la orde. No mesmo instante, un apresurado paso servil achégaseños para inquirir das nosas intencións. Ante unha reacción de amizade, case familiar pola nosa banda, autorízanos a camiñar cara o faro pois estaban os 'señores'. Así o facemos, mais seguindo

É case media mañá e a brétema ainda pelexa por gañarlle o mar a un sol que a finais de xullo se sinte forte. Os catro amigos méntense a través do neboeiro no barco da ilusión, baixo a tutela e guía dos instrumentos que os achegan á illa da serea... | Relato





a chamada do pasado desviamos o noso andar e collémo-lo camiño do traballo e suor reflectido na paisaxe dos campos esquecidos, agora reconquistados pola natureza e que serven de berce para a gaiota. O son da auga fainos participes do

manar antano transparente da ferinxenta fonte que chaman de Santa Catalina que coas agora vergonhosas da Aldea e da Tilleira daban vida a terra e mataban a sede. Cunha cerimonia improvisada saciámolo a secura de comunicación con esa terra

e seguimos cara a alma do tempo onde nos da a benvida, entre silveiras que deixan outea-lo horizonte, os sarcófagos de ofrendas que facían fuxi-la fame. Coros de pantamas de casas bailan arredor do eirado onde a lembranza de pes descalzos de ne-

nos xogan coa escravitude do mar e do traballo. Unha a unha imos percorrendo as casas onde o tempo vai relando a miseria e os espíritos das xentes atopámolos durmindo un sono de eternidade nas escuras alcobas. A pedra do forno de leña, da lareira e do vertedoiro serven de palcos dun anfiteatro onde a iluminación proveniente da fendedura da ventá que, rabiñada polo tempo, permite o paso da bruma mesturada cos acios de luz que sinalan un anaco de tábua encouzada na que, gravado, só se pode ler 'Ahneln' como querendo soamente significar 'semellarse' na metáfora dos pobos que teñen o sangue salobre e para non deixarnos entreve-lo misterio da última singradura dos achegados dos mares setentrionais. Arrepiados polo achado e facendo un esforzo por saír das lembranzas que, por medo ó mar, nos afellan á terra achégamonos á alcoba que ten unha pequena ventá, cara o norte, que abrimos para racha-lo encantamento e saír á realidade. Os nosos ollos atópanse cun

&gt;&gt;



O son da auga faiños partícipes do manar antano transparente da ferruxenta fonte que chaman de Santa Catalina que coas agora vergoñosas da Aldea e da Tilleira daban vida a terra e mataban a sede.

mar calmo que se viste de rocha e area iluminado pola luz dun sol illado polo neboeiro que rodea á terra e coroa os altos de Milreu e Galleiras, seguindo co misterio do que tratábamos de fuxir. Como títres da curiosidade saímos da casa para seguir percorrendo outras vivendas que foran preparadas non hai moitos como explotacións ganadeiras. Restos de progreso en forma de tractor, grades, sementeiras, etc. acompañan o descanso do arado de madeira que durme de costas ó seu parentes de ferro.

Dámo-lo lombo ó poboado e descendemos cara á pequena praia pechada polas rochas da baixamar que tras unha minuciosa prospección sentenciamos non declarala útil para o traballo das redes. Decidimos camiñar arredor da illa para descubri-los seus segredos, non sen antes dar un úl-

timo adeus ós hórreos e vivendas. Avanzamos cara unha colonia de gaivotas que co seu voar agresivo e sons estridentes tentaban afastarnos dos seus pequenos que a medida que avanzabamos fuxían amoucados en tódalas direccions ou resignábanse á súa sorte apegándose sen pestanexar ó niño. Esta actuación das gaivotas acompañaranos ó longo de todo o percorrido pola illa onde nos empapa a loita que a vida ten pola vida.

**Praia dos Lagos** | Parámonos a contemplar a esbelteza e paradisíaca praia dos Lagos que deixamos á nosa dereita para adentarnos, campo a través, cara ó occidente, sobre area tinosa de terra onde os buratos dos coellos semellan os poros polos que a illa transpira nunha pel de liques e recargas macetas de toxais e xesteiras. Este curto traxecto ata Punta de

Volta foi rico en pequenas grandes experiencias como o sobresalto que nos dou o fuxir dos nosos pes dunha cobra lagarteira, ou a observación da vexetación e da terra que nos entreviu un tempo pois, ó igual que os exploradores dos westerns, as sinais das plantas coma xunqueiras era motivo para rabuña-la terra e así confirmar que a sangue da, agora, insua fuxía cara o mar, con vergoña, baixo un tapiz de verdor nun leito só bagoento no inverno.

O desfacer da rocha mostrárenos ó longo do resto da illa con formas animais como un can nadando, un lobo mariño, etc, ou de figuras estrañas batidas na forxa do mar ou ciceladas polo espírito do vento. Ó longo da Cova do Barro é onde hai máis restos espallados polo algodón das espumas que nas noites nas que a morte navega pola trebada foi

apousentándoo para que serviran de testemuña dos gritos dun mar a veces sedento de angustias. Son cementerios de desfeitas e de vomitos do océano que ó tocalos nos fan transgredir coa imaxinación os silencios do pasado. Coma contraste, os cheiros das mentas en flor e das margaridas, a vistosidade das rosadas cabezas globulares das herbas namoreiras que saen dunha verde roseta, o pelo público dos xuncos que de cando en vez achéganse as fendas da pedra...

Desde O Curro ata Punta dos Besugueiros, onde se ergue o faro, os cantís de pedra remátanse co reinos das robalizas, do percebe, dos grandes pintos, sempre baixo a mirada das altas pedras de Galleiros que salpicadas de bágoas de vida, ponen cara ós ventos do océano.

Pasamos polo faro que alumeaaba

soidades e lembranzas ata chegar, uns pasos máis adiante, a onde tomáramos camiño para a Aldea. Non quixemos abandona-la illa sen renderlle homenaxe a un cruceiro bifaz que os donos da illa pousaron non hai moito tempo nun pequeno alto, preto do Almacén e da taberna, agora igrexa de Santa Catalina.

**O segredo roubado** | No corazón levábamos o segredo roubado á illa. Co temor a perdelo apurámo-lo paso para, chegados ó barco, poñer rumbo ó refuxio da néboa que, cun abrazo amigo, nos amparou ata pasa-lo Centru da illa de Ons. Xa a salvo (e non llo digas a ninguén) saquei do peto unha ferruxenta pechadura dun postigo que furtara ó abri-la ventá que daba ó mar para ceiba-las almas que nas alcobas durmían...

- BOIRO
- Cimadevila, s/n
- Kiosco Alameda
- Calle General Franco
- Calle Principal
- Avda. Compostela

- RIBEIRA
- Camping Playa Coroso
- Rúa do Malecón, 11
- Praza do Concello
- Rosalía de Castro, 7
- Ctra. General, s/n- Aguiño

- POBRA DO CARAMIÑAL
- Kiosco Alameda
- Calvo Sotelo, s/n
- General Franco, 31
- General Franco, 25

- PORTO DO SON
- Kiosco Playa Hornada
- Camiño Novo, 28

- NOIA
- República Argentina, s/n
- Rosalía de Castro
- MUROS
- Rivera de Mayo (Esteiro)
- San Francisco, s/n (Louro)

- RIANXO
- Kiosco Alameda

**Puntos de venta**